

TEMA 9: FUNCIÓN FINANCEIRA: FINANCIAMENTO

A **función financeira** ocúpase de seleccionar os distintos **investimentos** necesarios para levar a cabo a súa actividade e das diversas **fontes de financiamento** para conseguir os medios ou recursos financeiros axeitados a cada investimento.

Activo non corrente	Recursos propios
Activo corrente	Recursos alleos
Estrutura Económica En que inviste a empresa Aplicación dos fondos	Estrutura financeira Como se financian os activos Orixe dos fondos

O **financiamento** é a consecución dos medios necesarios para efectuar os investimentos.

As decisións de investimento e financiamento son **complementarias**

1. Fontes de financiamento da empresa: clasificacións

Denomínase **financiamento** á consecución dos **medios necesarios** para efectuar investimentos. Dará resposta a preguntas como cántos recursos necesitamos e de onde os imos conseguir.

Ao conxunto formado por todas as **fontes financeiras** que utilizou a empresa, denomínaselle **estrutura financeira ou (patrimonio neto + pasivo)**.

Esquemáticamente, as fontes de financiamento que pode empregar a empresa podémolas clasificar en:

Segundo a duración	A longo prazo A curto prazo Aínda que depende dos sectores, o financiamento a curto non supera o ano e o longo prazo é superior ao ano.
Segundo a procedencia	Interna ou autofinanciamento; son recursos que proceden da propia empresa, xerados pola súa actividade. Externa ; proceden do exterior da empresa: tanto das achegas dos propietarios ou ben dos acredores.
Segundo a propiedade	Propios , son propiedade da empresa e non ten que devolveselos. Poden proceder da propia empresa (internos) ou dos propietarios (capital). Alleos , son propiedade doutros. Son DÉBEDAS .

2. O custo do financiamento

Cada fonte de financiamento utilizado pola empresa, xa sexa propio ou alleo, ten un custo. A análise deste custo é moi importante, pois vai afectar directamente ao resultado do exercicio.

O custo dos recursos propios: o custo das achegas dos socios e das reservas son difíciles de calcular posto que non supoñen ningún pagamento directo de xuros; non obstante, os socios realizaron esas achegas co fin de obter unha rendibilidade que lles compense o risco, a través dos dividendos esperados. Por outra parte, tamén supón ao socio un **custo de oportunidade**, é dicir, a rendibilidade que deixou de obter por investir na empresa (inmobilizar eses recursos), en vez de acudir a outros investimentos, como, por exemplo, a compra de obrigas do Tesouro, etc. En calquera caso, a rendibilidade que espera obter mediante a achega de capital á empresa deberá ser maior á esperada noutros investimentos. Se no mercado se está a obter unha rendibilidade do 5%, só se realizarán achegas de capital se a rendibilidade esperada é máis elevada.

O custo dos recursos alleos: tanto no financiamento a longo prazo como a curto prazo, sempre a empresa coñece as condicións das devanditas fontes (préstamos bancarios, provedores, etc.).

Normalmente o financiamento anúnciase co **TIN (Tipo de interés nominal)**. Pero o custo financeiro para a empresa, ao negociar un préstamo cunha entidade financeira, vén expresado en termos de **TAE (taxa anual equivalente)**. Esta taxa inclúe tanto o tipo de xuro que nos cobrará máis os gastos e comisións (de apertura, mantemento, etc.). *Un TIN do 2% mensual é igual a un 24% nominal anual, pero equivale a un 26,82% real anual.*

Por outra banda, o aprazamento de pagamento que nos fan os provedores ao comprar as mercadorías, leva tamén un custo financeiro, pois de pagalas ao contado, o importe verase reducido (descontos por pronto pagamento).

3. O autofinanciamento. Concepto, tipos, vantaxes e desvantaxes

O **autofinanciamento** ou **financiamento interno** está formado polos recursos que xera a propia empresa. Está constituída polos **beneficios** que foi obtendo ao longo do tempo e **que non se repartiron** aos propietarios, **contribuíndo ao "crecemento ou enriquecemento" da capacidade económica e polos fondos de amortizacións** que se destinan ao "**mantemento**" da capacidade económica da empresa e as provisións.

FINANCIACIÓN INTERNA OU AUTOFINANCIAMENTO Son os recursos xerados pola propia empresa. Son beneficios retidos, non repartidos entre os propietarios.	AUTOFINANCIAMENTO DE MANTEMENTO Destinadas para <u>manter</u> a capacidade produtiva	Amortización Provisións
	AUTOFINANCIAMENTO POR ENRIQUECEMENTO Destinada a <u>aumentar</u> a capacidade produtiva	Reservas

▪ Amortizacións

Son **fondos compensadores da depreciación sufrida polos elementos do activo non corrente**.

Elementos que se amortizan: Todos os activos Non Correntes (vehículos, maquinaria, ordenadores, mobiliario,...), excepto os terreos.

Causas da depreciación:

1. Desgaste debido ao uso.
2. Por obsolescencia.
3. Polo simple paso do tempo.

Depreciación= Perda de valor
Amortización = Cuantificación da depreciación

Legalmente as empresas deben realizar unha **política de amortizacións**, a través das cales van *acumulando* ano tras ano uns *fondos* (contablemente denomínase *amortización acumulada do inmovilizado*) que serán utilizados unha vez chegado o momento en que haxa que *renovar* ou *repoñer* total ou parcialmente a *capacidade produtiva*.

Exemplo. Unha empresa decide renovar os mobles da oficina. Os mobles van durar varios anos, e non é xusto repercutir todo el gasto á conta de resultados dun só ano, pois eses mobles van a axudar a xerar ingresos durante varios anos. O que se fai é dividir ese gasto en varios anos, en función de canto valor perderon ese ano. Isto é amortizar.

- Cota de amortización **anual**. Calcúlase polo valor que vai perdendo o activo ao ser empregado no proceso de produción. É un custo de produción e réstanse ao calcular os resultados obtidos pola empresa. As normas contables de cada país establecen como calcular as amortizacións, para que os resultados se aproximen o máis posible á realidade.
- Amortización **acumulada**. A amortización acumulada ano tras ano constitúe un fondo que serán utilizados unha vez chegado o momento en que haxa que renovar ou repoñer a capacidade produtiva (os vehículos, a maquinaria, os equipos informáticos, o mobiliario, etc.). Fondo financeiro interno.

Polo tanto, os obxectivos da amortización son:

- 1) Valorar a depreciación previsible, irreversible e sistemática dos bens non correntes como consecuencia de su uso u obsolescencia. Tense en conta para calcular o beneficio.
- 2) Xerar un fondo para adquirir novos elementos ao final da vida útil dos antigos: **fonte de financiamento**.

▪ Provisións

Son fondos que se crean para facer fronte a certas **perdas que aínda non se produciron**, como indemnizacións, rupturas de contratos, depreciación de existencias, etc.

Son gastos que restan á hora de calcular o resultado do exercicio.

▪ Reservas

Son beneficios non repartidos. Impulsan o crecemento **aumentando a capacidade produtiva** da empresa. Posibilitan os investimentos necesarios **para crecer**.

Dos beneficios que obteñen as empresas ao finalizar o exercicio económico, unha parte destínanos a retribuír os socios a través dos dividendos, pero outra parte retéñena, é dicir, queda en poder da empresa. Os beneficios non distribuídos (contablemente denomínanse reservas) destínanse a autofinanciarse polo que contribuirán a *incrementar*, ou ben, *enriquecer* a súa capacidade económica. Dende este punto de vista, **os beneficios non distribuídos (as reservas) constitúen un autofinanciamento de enriquecemento**.

Poden ser de varios tipos:

Legais: obrigatorias por lei. Por exemplo, na lei de sociedades de capital establécese que un mínimo do 10 por cento do beneficio do exercicio se destinará á reserva legal ata que esta chegue, polo menos ao 20 por cento do capital social.

Estatutarias. Son os propios estatutos da sociedade os que obrigan a crear un fondo de reservas.


Voluntarias. Son decididas voluntariamente polos socios no acordo de distribución de beneficios.

Vantaxes e inconvenientes do autofinanciamento:

Vantaxes	Inconvenientes
Mellora a autonomía da empresa, que non depende dos demais. Fontes de financiamento baratas, non hai que pagar xuros (pero teñen un custo de oportunidade). Maior solvencia financeira da empresa. Aumenta a capacidade de endebedamento. Para as PEMES é case a única fonte.	Supón que os propietarios deben renunciar a uns dividendos agora coa promesa de obter maiores beneficios futuros. Isto non sempre é ven recibido no mercado de capitais (como a Bolsa, que baixa a cotización). Como non custan poden levar a facer investimentos pouco rendibles. Xéranse lentamente.

4. Fontes de financiamento externo e propio: o capital

O financiamento **externo** é a que provén do exterior da empresa. O financiamento **propio** é propiedade da empresa. O financiamento externo está formado tanto por recursos propios (son os que non teñen esixibilidade) como por recursos alleos que teñen esixibilidade e vencemento (a curto ou longo prazo).



Só as achegas dos propietarios, o capital da empresa é unha fonte de financiamento externo e propio.

Capital

- Son as achegas dos propietarios.
- Son fondos propiedade da empresa, non son esixibles, non hai que devolvelos.
- Remunéranse cos dividendos (reparto de beneficios entre os propietarios).
- O capital dunha sociedade chámase capital social. Nalgúns casos hai un capital social mínimo.

Cando se constitúe unha empresa, ou ben cando se amplía a súa capital, as achegas que realizan os socios constitúen unha *fonte de financiamento externo*, pois, aínda que son os socios os que contribúen a financiar a empresa, estes fondos non foron xerados pola propia empresa, é dicir, *proveñen do exterior*. Estas achegas constitúen contablemente a conta de capital e forman parte do neto patrimonial e **son recursos propios**, porque, como vimos anteriormente, *non teñen esixibilidade nin vencemento*.

Valores dunha acción (ou dunha participación):

- **Valor nominal (VN)** é o valor que se outorga a cada acción no seu respectivo título ou anotación en conta.

$$\text{Valor Nominal} = \frac{\text{Capital social}}{\text{Número de accións}}$$

- **Valor teórico ou contable dunha acción obtense** a través da contabilidade da empresa e vén expresado pola seguinte ecuación:

$$\text{Valor teórico ou contable} = \frac{\text{Patrimonio Neto}}{\text{Nº de accións}} = \frac{\text{Capital} + \text{Reservas}}{\text{Nº de accións}}$$

- **Valor de mercado.** O que lle dá o mercado. Se a acción está admitida nun mercado de valores, o valor de mercado chámase **cotización**.

EXEMPLO: A, SA está formada por 100.000 accións de 10 € de valor nominal. Ten reservas por 600.000 €. Calcula o valor teórico de cada acción.

$$\text{Capital social} = 100.000 \times 10 = 1.000.000 \text{ €}$$

$$\text{Patrimonio Neto} = 1.000.000 + 600.000 = 1.600.000 \text{ €}$$

$$\text{Valor teórico de cada acción} = 1.600.000 / 100.000 = 16 \text{ €}$$

Ampliacións de capital

Se a empresa necesita financiamento pode ampliar o seu capital social, mediante novas achegas, dos socios actuais ou captando novos.

A entrada de novos socios **prexudica** os antigos accionistas de diferentes formas:

- En primeiro lugar, a porcentaxe da participación que teñen no negocio diminuirá, pois o patrimonio neto despois da ampliación quedará máis dividido debido ao maior número de accións.
- En segundo lugar, de non se incrementar os beneficios, ao menos proporcionalmente, estes teranse que repartir entre un número maior de accións, co que os dividendos poderían diminuír.

Exemplo anterior. Agora a sociedade amplía capital emitindo 20.000 accións novas á par (polo nominal). Calcula o valor teórico despois da ampliación.

$$\text{Patrimonio Neto} = 1.600.000 + (20.000 \times 10) = 1.800.000 \text{ €}$$

$$\text{Valor teórico de cada acción} = 1.800.000 / 120.000 = 15 \text{ €}$$

$$\text{Comparando el valor teórico antes da ampliación e despois: } 16 - 15 = 1 \text{ €.}$$

Existen dous procedementos para **protexer os antigos accionistas** nas ampliacións de capital:

1. Emitir as novas accións **sobre a par**, é dicir, a un prezo de emisión superior ao valor nominal das accións; a esa diferenza chámase **prima de emisión**. As primas de emisión de accións son un tipo de **reservas**.
2. Os accionistas antigos teñen o **dereito de subscrición preferente**: *preferencia dos antigos accionistas para subscribir a proporción das accións novas que lles correspondan*. **A cada acción correspóndelle un dereito de subscrición e estes teñen un valor económico.**

Aos accionistas correspóndelles un nº de accións novas proporcional ao que tiñan das antigas. Estes terán dúas opcións: comprar a parte proporcional que lles corresponda das accións novas (exercendo o seu dereito preferente de subscrición) ou ben recibir o importe correspondente aos dereitos de subscrición que posúa (vender os dereitos) para así compensar a mingua patrimonial.

Os dereitos de subscrición preferente ou se exercen ou se venden.

O valor do dereito de subscrición virá dado pola perda patrimonial que o accionista antigo sofre como consecuencia dunha nova emisión de accións.

5. Financiamento alleo (fondos ou recursos alleos)

Enténdese por **financiamento alleo** o conxunto dos recursos cos que se financia a empresa que hai que devolver no seu vencemento, é dicir, **que son esixibles** (contablemente son o pasivo).

Atendendo ao prazo de devolución ou vencemento das devanditas débedas podemos distinguir:

- a) Os **Créditos de Funcionamento** son aqueles que han de reembolsarse nun prazo inferior ao ano *pasivo corrente (curto prazo)* e teñen como obxectivo financiar a compra do activo corrente (as necesidades do ciclo de explotación).
- b) Os **Créditos de Financiamento** son aqueles que se terán que devolver a medio e longo prazo *pasivo non corrente (a longo prazo)*. Deberán financiar o activo non corrente.

De acordo coa clasificación anterior, imos analizar as fontes financeiras alleas máis utilizadas no mundo empresarial.

► Crédito comercial de **acreedores, provedores e outras partidas pendentes de pagamento.**

Provedores: son os aprazamentos de pagamento que conceden á empresa os subministradores das materias primas ou das mercadorías.

Acreedores e outras partidas pendentes de pagamento: son os aprazamentos de pagamento distintos dos provedores. Por exemplo, a débeda da empresa coa seguridade social ou con facenda (pois os pagamentos

adoitan ser trimestrais), as débedas pendentes pola compra de bens distintos das mercadorías ou das materias primas, ou polo subministro de servizos, etc.

Tamén financian a empresa. Non teñen un custo directo, pero pode haber un custo de oportunidade nos descontos que a empresa deixa de obter ao diferir o pago.

- ▶ **Descubertos bancario**, estar en números “rojos”. O saldo na conta corrente da empresa é negativo. Ten custes elevados.
- ▶ **Desconto de letras ou desconto comercial.**

O desconto comercial é unha fonte de financiamento que consiste en entregar os efectos comerciais ou letras a cobrar a unha entidade financeira para que nos **adiante o seu valor nominal, descontando os xuros** do anticipo e unhas comisións. **Importe a cobrar do banco = Importe la letra – xuros polo tempo adiantado.**

O risco de non pagamento dos efectos ao seu vencemento segue sendo a cargo da empresa. Isto significa que, chegado o vencemento, se o cliente da empresa non paga a débeda será esta a que abone o importe nominal (máis gastos) ao banco. O **risco de non pagamento** dos efectos ao seu vencemento é da empresa.

A **letra de cambio** é un instrumento financeiro de grande importancia no mundo empresarial. Cando os dereitos de cobramento da empresa se formalizan mediante letras de cambio (efectos comerciais), estas non se poderán facer efectivas ata a data do seu vencemento.

Como as letras de cambio non se poden cobrar ata a data de vencemento indicado, as empresas para obter financiamento, *descóntanas* nas entidades financeiras. Estas anticipanlles o diñeiro pero "descontando" os intereses do anticipo e unha comisión.

▶ **Factoring**

Operación pola que unha empresa cede as facturas de clientes ou outros dereitos de cobro (letras de cambio, recibos, pagarés,...) á **empresa de factoring** (chamada tamén factor). A empresa de factoring encárgase de presentar as facturas ao vencemento, despreocupándose a empresa de facelo. Ademais, o factor pode:

- Adiantar o importe á empresa antes do vencemento, cobrando uns xuros.
- Correr co risco de non pagamento (chámase factoring sen recurso).

Vantaxes: a empresa evita a xestión administrativa dos cobros, pode cobrar por adiantado e pode traspasar o risco de cobro.

Desvantaxes: elevado custe (máis que o desconto bancario) e pode negarse a aceptar algúns créditos *difíciles*.

▶ **Préstamo**

Operación pola que unha entidade financeira (bancaria ou non) entrega una cantidade de diñeiro á empresa, que deberá devolvela xunto cuns xuros, nuns prazos estipulados. As entidades soen cobrar unhas comisións: de apertura, de estudo, de amortización,...

Poden ser a curto ou a longo prazo.

▶ **Créditos**

Operación pola que unha entidade financeira **pon a disposición** dunha empresa unha cantidade de diñeiro **ata un límite**. A empresa pode utilizala toda ou en parte. Só ten que pagar xuros pola parte disposta, non por todo o límite. O seu uso está moi xeneralizado no ámbito empresarial e denomínase póliza de crédito.

▶ **Leasing ou arrendamento financeiro**

É unha operación consistente en que a sociedade financeira especializada (entidade de leasing) compra un ben e o pon a disposición da empresa durante un período. É un contrato de **arrendamento** dun ben que inclúe unha **opción a comprar o ben ao final** do contrato. A empresa pode exercer a opción e comprar o ben ou devolvelo á sociedade de leasing.

Vantaxes: permite a comprar de bens de equipo sen necesidade de realizar investimentos iniciais fortes, o risco de envellecemento trasládase á empresa de leasing e hai deducións fiscais.

Outra fórmula de financiamento similar ao leasing é a **renting**. Tamén é un contrato financeiro polo que se cede o uso dun ben (xeralmente vehículos) por un prazo de tempo pactado a cambio dun prezo de aluguer sendo por conta da empresa renting o mantemento e conservación de devandito ben, non obstante, a diferenza do leasing, non existe a cláusula de opción de compra.

► **Empréstitos**

As grandes empresas con forma de **sociedade anónima**, ao necesitar enormes cifras de investimento, obteñen os fondos dividindo esas cantidades en pequenos títulos (**obrigas** ou bonos) para así poder colocalos entre os pequenos aforradores. O posuidor ou comprador dunha obriga pasa a ser acreedor da empresa, denominándose obrigacionista. Os obrigacionistas son **acreedores** da empresa.

Un empréstito non é máis que un préstamo dividido en pequenas partes que podemos adquirir os particulares chamadas obrigacións ou bonos


A diferenza entre as obrigas e os bonos é o prazo. Mentres que nos bonos o prazo oscila entre 2 e 5 anos, nas obrigas é superior a 5 anos.

Teñen un vencemento e uns xuros que debe pagar a empresa emisora. Ao igual que as accións, as obrigacións ou os bonos son títulos valores e **poden cotizar nos mercados de valores**.

Diferenzas entre a ampliación de capital e a emisión dun empréstito:

A diferenza entre o financiamento a través da ampliación de capital (financiamento externo e recursos propios) e o financiamento mediante a emisión dun empréstito (financiamento externo e recurso alleo) é que *os subscriptores da ampliación de capital pasan a ser socios* ou accionistas, mentres que os das *obrigas ou bonos, son acreedores* da empresa.

A remuneración tamén é distinta. Aos accionistas se lles remunera cos dividendos (que son variables pois dependen dos beneficios da empresa). Aos obrigacionistas se lles abonan uns xuros, que son *fixos*.



Esquema:

Interno ou autofinanciamento	De mantemento		Recursos propios	
	De enriquecemento			
Externo			Longo prazo	Recursos alleos
			Curto prazo	

6. Dificultade de financiamento das PEMES

Como xa estudamos, as PEMES teñen importantes dificultades para financiarse. Veremos algunhas fórmulas máis ou menos recentes:

As sociedades de capital risco (Venture Capital):

Consiste na toma de participacións temporais e minoritarias en PEME en proceso de creación ou crecemento, co obxecto de obter algún "beneficio":

- Xerar plusvalías se os investidores son privados
- A rexeneración do tecido empresarial se o que achega recursos é o sector público.

Business Angel:

Un investidor-anxo (Business Angel ou simplemente "anxo") é unha persoa ou grupo de persoas que invisten unha parte do seu patrimonio no capital de pequenas e medianas empresas (PEMES) con grande capacidade de crecemento ou *start-up*.

Os business angels concéntranse na súa grande maioría en sectores e empresas cunha forte base tecnolóxica.

Debido a que unha grande porcentaxe das empresas nacentes fracasan, os investidores anxos profesionais buscan investimentos que teñan un alto potencial de rendibilidade segundo para compensar.

¿Que achega un Business Angel?

- Confianza ("Esa empresa irá ben").
- Apoio e coñecemento: comparten a súa experiencia empresarial coa compañía obxecto do investimento. Supervisan, apoian a xestión e evolución do proxecto.
- Contactos; os anxos son claves para conseguir as seguintes roldas de financiamento por parte dos fondos de investimento (sociedades de Capital Risco ou entidades financeiras).

Microcréditos:

Muhammad **Yunus** é un banqueiro e economista de Bangladesh. Fundador do Banco Grameen especializado na concesión de **microcréditos** a mulleres emprendedoras. Yunus foi galardoado co Premio Príncipe de Asturias da Concordia en 1998, e co Premio Nobel de la Paz de 2006.

Os microcréditos son pequenos préstamos concedidos a persoas para montar un negocio propio.


Crowdfunding, financiamento colectivo ou micromecenazgo:

Crowdfunding: "Cooperación colectiva, levada a cabo por persoas que realizan unha rede para conseguir diñeiro ou outros recursos, adóitase utilizar Internet para financiar esforzos e iniciativas doutras persoas ou organizacións".
Fonte: Wikipedia.

O crowdfunding nace dos desenvolvedores de software libre que empezaron a pedir doazóns polo seu traballo. A resposta foi maior da esperada. Nese momento, entre os creadores (que requirían de financiamento) e os usuarios (que demandaban proxectos creativos e pagaban por eles) nacía o crowdfunding, o financiamento colectivo, como unha nova opción para financiar, nun primeiro momento, proxectos creativos. Hoxe, cada vez existen máis webs de crowdfunding e máis proxectos financiados por esta vía.

7. O mercado de valores

É aquel mercado que pon en conexión aos **ahorradores**, que ofrecen o seu diñeiro, e aos **investidores**, que son aquelas empresas que necesitan financiamento para realizar os seus investimentos. As empresas necesitadas de financiamento poden acudir ao mercado de valores e solicitar (en forma de ampliacións de capital, emisións de obrigas, etc.) financiamento das persoas que teñen un "exceso" de recursos.



A nivel institucional, en España a **Comisión Nacional do Mercado Valores (CNMV)** é o organismo encargado da supervisión e inspección dos mercados de valores españois e da actividade de cantos interveñen nestes.

No mercado de valores pódese distinguir:


- **Mercado primario ou de emisión:** que, como indica o seu nome, é o mercado onde se colocan por primeira vez os activos financeiros (accións e obrigas).
- **Mercado secundario (as Bolsas e o Mercado de débeda Pública fundamentalmente).** Un mercado **secundario** é aquel no que se compravenden dos títulos xa existentes. A inmensa maioría das transaccións financeiras realízase nos mercados secundarios.

Bolsas y Mercados Españoles (BME) é o operador de todos os mercados de valores en España. BME cotiza en Bolsa e forma parte do índice IBEX 35. Hai mercados de renda fixa e mercados de renda variable.

Renda Fixa e Variable

- Títulos de renda fixa: as **obrigas** e a débeda de empréstitos privados ou públicos.
- Títulos de renda variable: as **accións**.

Tamén hai obrigas convertibles en accións. Primeiro ofrecen un xuro estable e despois transfórmanse en valores de renda variable.



¿Que é a Bolsa de valores?

A Bolsa é un mercado financeiro **secundario**. Son mercados de *revenda* ou de segunda man, suxeitos á lei da oferta e da demanda, que determina a fixación dos prezos ou **cotizacións**

Á Bolsa acoden persoas (os investidores) que queren comprar e outras que desexan vender. É un mercado que pon en contacto aos aforradores e aos investidores.

Por exemplo, cando un investidor acode á bolsa para comprar accións de Telefónica, non adquire estas accións directamente á compañía, senón a un terceiro que xa as posúe e as pon en venda. Telefónica non recibiría nada por iso.

Pero a Bolsa está considerada como o barómetro da saúde das empresas, xa que o prezo das accións vén a reflectir a opinión dos investidores sobre o futuro das sociedades.

¿Que se negocia na Bolsa?

Na Bolsa contrátanse **accións** das S.A. e tamén se negocian outros **activos financeiros** como dereitos de subscripción preferente ou obrigas convertibles en accións.

¿Como se negocia na Bolsa?

En España hai catro Bolsas de Valores: a de Madrid (a maior), Barcelona, Valencia e Bilbao. O mercado Continuo é a unión as catro bolsas españolas e permite que un título cotice a un tempo en calquera desta catro prazas. Chámase continuo porque o período de contratación vai desde as 9 ás 17 horas de forma ininterrompida.

Unha orde de compra ou de venda en Bolsa pódese dar directamente a un membro dunha Bolsa: axencias de Valores e Bolsa, Sociedades de Valores e Bolsa ou entidades de crédito que sexan socios da Bolsa correspondente. Tamén se pode dar a orde a través dun intermediario (unha ESI - Empresa de servizos de investimento ou un banco) que non son membros da Bolsa e terán que pasar a orde a un deles.

Índices bolsistas:

Mostran a evolución da bolsa no tempo.

O Ibex 35 mostra os 35 valores máis importantes (de maior capitalización das Bolsas españolas).

Outros índices: FTSE (Londres), CAC (París), DAX (Frankfurt), Nikkei (Tokio), Dow Jones (NYSE), Nasdaq (tamén de Nova York, pero para valores tecnolóxicos),...